

Universidade de Vigo -  
Registro Xeral

Saída N.º 201800002419  
20/02/18 13:30:58

## RESOLUCIÓN REITORAL DE 19 DE FEBREIRO DE 2018 POLA QUE SE ESTABLECE O PROCEDIMENTO PARA A VALIDACIÓN PARCIAL DE ESTUDOS UNIVERSITARIOS ESTRANXEIROS E A ADMISIÓN EN ESTUDOS DE GRAO NA UNIVERSIDADE DE VIGO

Co obxecto de facilitar a incorporación de estudiantes procedentes de sistemas educativos doutros países na Universidade de Vigo estableceuse no curso académico 2017/2018 un procedimento específico para a validación parcial destes estudos universitarios. Mediante a Resolución Reitoral de 31 de marzo de 2017 ademais de fomentar a mobilidade dos estudiantes e potenciar a apertura de cara ás persoas procedentes doutros sistemas educativos quíxose regular o establecido no Real Decreto 412/2014, do 6 de xuño, sobre o acceso ás ensinanzas universitarias oficiais de grao de estudiantes con estudios universitarios estranxeiros parciais ou totais que non obtiveran a homologación ou equivalencia en España.

A posta en marcha do mencionado procedimento permitiu adiantar a resolución da crecente demanda de solicitudes de validación parcial de estudos estranxeiros que, ata o momento, eran presentadas xunto coas do estudiantado con estudios universitarios parciais españoles. Así mesmo constatouse a necesidade de adiantar o proceso de admisión do alumnado estranxeiro co fin de atender ao gran número destas solicitudes que están a ser resoltas polos centros.

Dado que é a resolución da admisión o que precisa o alumnado estranxeiro para facer outros trámites legais, en moitos casos necesarios, e poder matricularse nos prazos establecidos na convocatoria anual de matrícula, estímase convinte establecer de novo un procedimento que permita resolver á vez as solicitudes de validación parcial de estudos estranxeiros e as de admisión nos estudios universitarios oficiais de grao na Universidade de Vigo.

Por todo o exposto e en cumprimento do acordo do Consello de Coordinación Universitaria do 25 de outubro de 2004, que fixa os criterios xerais aos que terán que axustarse as universidades en materia de validación e adaptación de estudios cursados en centros académicos españoles e estranxeiros e, do Real Decreto 967/2014, do 21 de novembro, que establece os requisitos e o procedemento para a homologación e declaración de equivalencia a titulación e ao nivel académico universitario oficial e para a validación de estudos estranxeiros de educación superior, é polo que, en virtude das facultades que lle outorgan os Estatutos da Universidade de Vigo (DOG do 2 de febreiro de 2010),

### ESTA REITORÍA RESOLVE:

Ditar o procedemento de validación parcial de estudios universitarios estranxeiros e a admisión en estudios de grao con estudios universitarios estranxeiros, suxeito ás seguintes normas:

## PRIMEIRA. Condicóns para a participación

Estará en disposición de solicitar a validación parcial de estudos universitarios estranxeiros quen se atope nalgunha das seguintes situacóns:

### 1.1. Estudos universitarios estranxeiros non concluídos

Cando os estudos estranxeiros de educación superior realizados cumpran os criterios que fixe o Consello de Universidades e non conclúisen coa obtención do correspondente título.

### 1.2. Estudos universitarios estranxeiros concluídos

**1.2.1.** Cando os estudos estranxeiros de educación superior realizados cumpran os criterios que fixe o Consello de Universidades, conclúisen coa obtención dun título universitario estranxeiro, e a persoa interesada non solicitase e declare que non vai solicitar a homologación do mesmo por un título universitario oficial español ou a equivalencia a titulación e a nivel académico universitario oficial.

**1.2.2.** Cando tendo solicitada a homologación do título estranxeiro ao Ministerio de Educación, Cultura e Deporte (MECD), esta fose denegada, sempre que a denegación non se funde nalgunha das causas recollidas no artigo 3.2 do R.D. 967/2014.

## SEGUNDA: Criterios para o recoñecemento

Os recoñecementos faranse, de xeito xeral, en plans de estudo que non se atopen en proceso de extinción xa que non poderán ser admitidos estudiantes en titulacións nas que tiveran que cursar materias das que non se imparte docencia.

Serán susceptibles de validación as materias superadas sempre que as competencias e carga lectiva acreditadas sexan equivalentes ás correspondentes materias incluídas no plan de estudos ao que se pretende acceder. Terán a equivalencia en puntos correspondente á cualificación obtida no centro estranxeiro de procedencia.

## TERCEIRA: Prazo e lugar de presentación de solicitudes

O prazo de presentación das solicitudes de recoñecemento e de admisión será os meses de marzo e abril e farase de forma presencial na unidade administrativa do centro que imparta o grao obxecto de recoñecemento, nos rexistros xeral e auxiliares da Universidade de Vigo, por correo certificado, nas representacións diplomáticas ou oficinas consulares de España no estranxeiro ou calquera outro lugar previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Cando a titulación se imparta en mais dun centro da Universidade de Vigo deberase optar únicamente por un deles.

## CUARTA: Documentación

1. Modelo de solicitude. Indicaranse os estudos que se pretenden realizar e as materias do plan de estudos para as que solicita recoñecemento. (Anexo I).
2. Copia do DNI, NIE ou pasaporte.
3. Certificación académica dos estudos universitarios realizados, na que se inclúa o número de materias e créditos superados na universidade de orixe, carga lectiva e sistema de

cualificacións de procedencia. A certificación académica nun idioma distinto do galego ou castelán, acompañarase da correspondente tradución xurada. Neses casos a certificación indicará, así mesmo, as cualificacións máxima e mínima do sistema de avaliación correspondente e farase constar cal é a cualificación mínima para aprobar.

4. Programa das materias superadas, expedido polo centro correspondente e plan de estudos que inclúa as materias que se esixen para obter a titulación de orixe que se pretende validar, selado polo centro de procedencia.
5. Declaración de equivalencia da nota media de expedientes académicos universitarios realizados en centros estranxeiros, obtida a través do procedemento online establecido polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte no enderezo web  
<https://www.mecd.gob.es/mecd/servicios-al-ciudadano-mecd/catalogo/general/educacion/203615/ficha.html>
6. En caso de estudos parciais, declaración xurada de non ter finalizados os estudos que se queren validar.
7. En caso de que os estudos obxecto de recoñecemento estean concluídos:
  - a. Declaración xurada de non ter iniciado simultáneamente un procedemento de homologación ou de equivalencia a titulación e a nivel académico universitario oficial do título en España.
  - b. Denegación da homologación do MECD, por causa distinta ás mencionadas no artigo 3.2 do R.D. 967/2014, na que conste expresamente a posibilidade de validar parcialmente.

O alumnado con titulacións de países alleos ao EEES, no momento da formalización da matrícula terá a certificación académica (apartado 4) legalizada por vía diplomática nas embaixadas ou consulados de España e co visto e prace do Ministerio de Asuntos Exteriores de España (Calle José Abascal, 41 – Madrid). As seladas coa Apostilla de La Haya non precisan outra legalización diplomática ou consular. Estes requisitos non se esixirán para os documentos expedidos polas autoridades de estados membros da Unión Europea ou signatarias do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo.

## QUINTA: Resolución

As solicitudes de recoñecemento e as de admisión para quen teña estudos universitarios estranxeiros parciais ou completos, resloveranse por delegación reitoral polos órganos de dirección do centro antes do 31 de maio. As resolucións de recoñecemento terán validez mentres estea en vigor o plan de estudos da titulación obxecto de recoñecemento. As resolucións de admisión terán validez para o curso académico para o que se solicite.

### 5.1. Reconocimiento dun mínimo de 30 créditos

**5.1.1.** Quen obteña este recoñecemento e a admisión poderá matricularse na Universidade de Vigo na titulación e centro solicitado de acordo co establecido para cada curso académico.

Os recoñecementos faranse efectivos na unidade administrativa correspondente cando a persoa solicitante acepte a admisión nos estudos de grao elixidos.

**5.1.2.** Quen obteña este recoñecemento pero non sexa admitido por non dispoñer de praza, terá que solicitar admisión a través dos procedementos telemáticos que estableza a CiUG.

Os estudos de acceso á universidade de procedencia deberán ser homologados aos correspondentes ao bacharelato do sistema educativo español, sen necesidade de superar probas de acceso, salvo que a persoa solicitante deseñe aumentar a súa cualificación de acceso, segundo o establecido no R.D. 412/2014.

Para facer efectivos os recoñecementos a persoa interesada deberá dirixirse a unidade administrativa correspondente unha vez formalizada a matrícula.

## 5.2. Recoñecemento de menos de 30 créditos

Neste caso, quen desexe acceder a unha titulación de grao na Universidade de Vigo terá que solicitar a admisión a través dos procedementos telemáticos que estableza a (CiUG). Os estudos de acceso á universidade de procedencia deberán ser homologados aos correspondentes ao bacharelato do sistema educativo español, sen necesidade de superar probas de acceso, salvo que a persoa solicitante desexe aumentar a súa cualificación de acceso, segundo o establecido no R.D. 412/2014.

Para facer efectivos os recoñecementos a persoa interesada deberá dirixirse a unidade administrativa correspondente unha vez formalizada a matrícula.

## SEXTA: Outros requisitos

A quien sexa nacional de Estados que non teñan como lingua oficial o castelán, a Universidade de Vigo poderá esixirlle a proba de idioma que considere oportuna.

## SÉTIMA: Normas finais

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa (BOE 14/07/1998).

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da mesma, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producira a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (BOE 02/10/2015).

## OITAVA: Derrogación

Esta resolución derroga a Resolución reitoral de 31 de marzo de 2017 polo que se establece o procedemento para a validación parcial de estudos estranxeiros na Universidade de Vigo.

## NOVENA: Entrada en vigor

A presente resolución entrará en vigor e terá efectos a partir do día seguinte ao da súa publicación.

Vigo, 19 de febreiro de 2018

O REITOR,

Salustiano Mateo de la Iglesia



Diligencia para facer constar que a presente resolución se publica o día 20 de febreiro de 2018 no taboleiro de anuncios do Edificio Xerencia e Servizos Centrais.

A xefa de Sección de Xestión de Estudos de Grao

Servizo de Xestión de  
Estudos de Grao

Universidade de Vigo

Teresa Amieiro Quicler

ANEXO I

UNIVERSIDADE DE VIGO

## **SOLICITUDE DE VALIDACIÓN PARCIAL DE ESTUDOS UNIVERSITARIOS ESTRANXEIROS**

**TITULACIÓN:** .....

**CENTRO:** .....  
(Naqueles casos nos que un grao se imparta en varios centros, soamente se pode solicitar nun deles)

**A) Datos da persoa interesada:**

Primeiro apellido:	Segundo apellido:	Nome:	
DNI / NIE / Pasaporte:	Teléfono móvil:	Endereço electrónico:	
Endereço aos efectos de notificación na rúa, piso e número:			
Localidade:	Provincia:	País:	Código Postal:

#### B) Tipo de estudos:

#### **Estudios universitarios realizados (titulación):**

- Completos polo que  declaro que non solicitei nin vou solicitar a homologación do título obtido polo título universitario oficial español nin a equivalencia a titulación e a nivel académico universitario oficial.

Parciais polo que  declaro que non teño finalizados os estudos dos que solicito a validación.

En ambos casos, deberase achegar a certificación académica oficial dos estudos realizados, así como o programa de cada unha das materias de que pretende o recoñecemento correspondente ao curso académico en que as superou.

Centro universitario, universidade e país:

**C) Materias/actividades para as que solicita recoñecemento:**

, de de 20

(sinatura)

SR/A DECANO/A OU DIRECTOR/A DA .....  
.....  
(Facultade ou Escola de ...)

## ANEXO II

### UNIVERSIDADE DE VIGO

### SOLICITUDE DE ADMISIÓN POR RECOÑECIMENTO DE CRÉDITOS DE ESTUDOS UNIVERSITARIOS ESTRANXEIROS

**TITULACIÓN:** .....

**CENTRO:** .....  
(Naqueles casos nos que un grao se imparte en varios centros, soamente se pode solicitar nun deles)

#### D) Datos da persoa interesada:

Primeiro apellido:	Segundo apellido:	Nome:	
DNI / NIE / Pasaporte:	Teléfono móvil:	Endereço electrónico:	
Endereço aos efectos de notificación na rúa, piso e número:			
Localidade:	Provincia:	País:	Código Postal:

#### E) Tipo de estudios cursados:

Titulación universitaria
Centro
Universidade
País

, de de 20  
(sinatura)

SR/A DECANO/A OU DIRECTOR/A DA .....  
.....  
(Facultade ou Escola de ...)